

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Ficha documental da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do
02/04/1951

Colección:

Data: 02/04/1951

De:

Virxinia Pereira Renda;

Para:

Valentín Paz-Andrade;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Temáticas:

Epistolario entre Paz Andrade e Virxinia Pereira;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Virxinia Pereira Renda, a Valentín Paz-Andrade do 02/04/1951

Bos Aires, 11-04-1951

Moi queridos e lembrados amigos: Xa vai sendo tempo de que lles acuse recibio do seu garimoso envío, e nin que decir do moitísimo que llo agradecin. Igoal que a Pedriño o manxador, persoaxe cen por cen da novela “Os dous de sempre” chegou a min tamén o paquete das lambetadas. ¡E que lambetadas! Por que si ben é certo que as conservas regalan os ollos e o paladar, nada menos se pode decire de istos ben amañados e sabrosísimos turróns que na volta do tempo e en virtude da grande atención de vostedes, traéme de novo a frescura e ledicia do seu sabor. Denantes eiqui pol-as navidades chegaba de toda isa clase de larpeiradas e con elas se axeitaban a gusto as típicas festas “hogareñas”, mais agora todo cambiou, e nin chisco se atopa de nada de iso. Todo e xa, feito con maní e mel (Industria Argentina) o que abofé non concorda cos calores abafantes que nesa data se deixan sentir. Estos terán de ser cousa estrana para nós, estando tan afeitos como estamos a pasalas con xiadas e crucas invernías, que son a razón creo eu, da quentura espiritual que se sinte nos nosos fogares, na fermosa noite de noite boa, que fica xa pra min na eternidade. Tamén lles agradezo moi intimamente, como poden supoñer, a súa lembranza na data tristeira do aniversario. A fironte visión do noso calvario estivo acesa, removendo eisi na miña inmensa door os intres sin remedio en que pouco a pouco fun vendo esnaquizarse as nosas millores ilusións as nosas últimas espranzas vividas aínda xuntos, e sobor de todo aquel seu suspiro derradeiro que non esquecerei endexamais pol-o ben espetado que quedou no meu peito. Xa despois...voltei a entregarme docemente a esta arrepiente realidade que non ten trasacordo, i eisi día tras día, en espera constante do miragre que me deixe entregarlo a Terra.

Lein todol-os artigos a que me fai referencia na sua carta, e dende logo penso como vostede de que “La Noche” e o “Ideal Gallego” son os que fan a millor e mais ampria información. O “Faro” pouco ou nada. Tamén Xerardo mandou un bo artigo, que por ter chegado un pouco tarde paréceme que non se publicou e non sei se agora lle darán cabida en algún outro xornal. Non se pode dudar de que o sentimento de esa perda foi unánime e bastante sincera en todos lados, i eu síntome por todo elo satisfecta e moi agradecida mais de ningún modo feliz, como pensa e di al´gun non con mala intención. Iso...soio con el era logrado.

Estou ao tanto da doenza da miña irmán Sara, cuia recaída preocúpame bastante. Esas dúas irmáns que foron sempre como duas nais para min, téñenme en constante sobresalto pol-os seus moitos anos. Clemencia está con vivos desexos de que se arranxe axiña o asunto do Banco, creendo sin dúbida que teño ali un grande capital cuios intereses contan elas disfrutar, na seguridade que eu non lles negarei esa pequena axuda considerando o moito que subeu a vida, i elas non contan con demasiados recursos para enfrontala. Pero vostede sabe de abondo amigo Valentín, que aquel meu inmenso Danieliño non foi endexamais “axeitado” para ser dono de moitos cartos por que non lle interesaban, de modo que o único que alí temos, é un pequeno fondo, froito do traballo honrado que nos deixara o noso benquerido pai, e que o tíñamos como unha reserva pra un posible apuro na nosa vellez. Meu pai tiña sona, e dereitos de abondo para sere un home platudo como dicen acá, mais ocorreu que eisi como na súa profesión de abogado era un licne e moi intelixentísimo, non daba unha en canto de negocios se tratara os que apesares do moito que lle atraían foron de contínuo catastróficos para il. Neste xogo perdía os cartos con impresionante serenidade, sin que lle servira de escarmento ver como a tallada (por feito natural) ía caer dereitiña nas mans dos “profesionaes” cuia “boa fe” non quixo nunca luxar nin tan siquera cunha

cativa duda. “Zapatero a tus zapatos” e como meu bo pai non entendía ren de nada de eso, foi eisi como as súas finanzas turraron pra abaixo en vez de turrar pra arriba. Mais o fixo el, ben feito está, e si lle conto toda a hestoria, e pra que vostede se decate de que alí non hai ningún capital sinón un pequeno aforro que sinto por Clemencia. Prégolle que cando chegue a saber algo de ise asunto, no comunique por favor, pra tranquilidade das miñas vellas.

¿Que me din do simpático Alfonsiño? ¿Atópase xa ben restablecido da súa doenza? Hai que coidar moito a ese Valentín do futuro a fin de que non se perda esa semente. Pilariña, fixen o reparto dos teus saúdos entre estes tan bos amigos, quedando moi agradecidos por elo. Coidei non esquencer de darlles en galego a Alonso Rivas, e dígoche que se lle iluminaron os ollos cando lle dixen que ao facelo eisi, era por especial encargo teu.

Os libros dos “Cruceiros” van de a pouquiño debido as dificultades que hai pra mandalos, pero aínda eisi, aproveitan ben as posibilidas que se presentan. Sin que lle cause demasiada molestia, ei de estimarlle amigo Valentín que me faga chegar algún exemplar do álbum “Nós” para cubrir certos compromisos que se me presentaron. Moitas gracias.

Moitos e garimosos bicos a Alfonsiño, e pra vostedes unha estreita aperta e saudos de esta agradecida amiga.

Virxinia.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.